



## A APDR COPARTICIPOU EN LEVAR AO PARLAMENTO EUROPEO O DEBATE SOBRE ELECTROSENSIBILIDADE E A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA NOS COLEXIOS

A APDR, coordinación galega da Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética (PECCCEM), con motivo da conmemoración do día internacional contra a contaminación electromagnética, colaborou na xornada do venres 26 de xuño na oficina do Parlamento europeo en Madrid co título de “**Cara a un recoñecemento integral da electrohipersensibilidade en Europa? A escola canteira de electrosensíbeis?**”, organizada pola PECCCEM e Electrosensibles polo dereito á saúde.

Para abordar esta problemática de contaminación ambiental **contou con representantes do ámbito científico e investigador** como Ceferino Maestu Iturbe (un das máis de 200 científicos especialistas en campos electromagnéticos asinantes do chamamento de alerta á ONU e á OMS para tomar medidas contra a contaminación electromagnética), **do ámbito institucional** como Bernardo Hernández Bataller (relator do dictame sobre hipersensibilidade electromagnética aprobado na sección especializada TEN do Comité Económico e Social o 7 de xaneiro de 2015) e David Gee (Conselleiro Senior da Axencia Europea de Medio Ambiente que participou no [Informe BioInitiative -2007 e 2012-](#) e na publicación de AEMA “[Leccións tardías de alertas temperás](#)”), **europarlamentarias/os** como Michèl Rivasi (vicepresidenta do grupo Os Verdes/ALE), Florent Marcelli (responsábel europeo de EQUO) e Ángela Vallina do grupo Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (co apoio expreso de Marina Albiol e Lidia Senra), **e do ámbito social** como Minerva Palomar (presidenta de Electrosensibles polo dereito á saúde) e Asunción Laso (expresidenta de AVAATE).

Esta xornada subliñou:

- O último [chamamento internacional de científicos expertos en campos electromagnéticos](#) realizado á OMS e á ONU alertando o aumento exponencial da exposición a dispositivos sen fíos para afrontar a súa problemática de saúde e medioambiental.
- Un **dictame proteccionista sobre hipersensibilidade electromagnética** aprobado o 7 de xaneiro de 2015 na Sección TEN do **Comité Económico e Social Europeo -CESE-** que esbozaba as reivindicacións básicas das persoas electrosensíbeis (Recoñecemento da Discapacidade Funcional e Enfermidade Ambiental, zonas brancas, ...) e as medidas básicas de protección á poboación xeral e aos sectores máis vulnerábeis (como evitar o Wi-Fi na escola). A súa non aprobación en Pleno trouxo denuncias por conflito de intereses ante a Defensora do Pobo Europeo, a cal xa abriu unha investigación.
- **As chamadas de alerta**, especialmente á poboación infanto-xuvenil, ante o crecemento exponencial á exposición a campos electromagnéticos artificiais realizadas desde institucións como o Parlamento europeo ([2008](#), [2009](#)), a Axencia Europea do Medio Ambiente ([2007](#), [2009](#), 2011, [2013](#)) e a Asemblea parlamentaria do Consello de Europa ([Resolución 1815/2011](#)).
- **O debate aberto sobre a vulnerabilidade e desprotección infanto-xuvenil** ante o despregue de tecnoloxías sen fíos no ámbito educativo, na liña de [escolas libres de contaminación electromagnética](#) como antes xa o foron declaradas libres do fume do tabaco e da comida lixo.

As organizacións que convocan agraden a presenza neste acto de responsables de asociacións de consumidores (*FACUA de Castela e León*, *ADICAE*, *Confederación de consumidores e usuarios*, *Confederación española de organizacións de amas de casa, consumidores e usuarios*, *Asociación de Usuarios de la Comunicación*), de ecoloxistas (*Confederación de Ecoloxistas en*



APDR

## NOTA DE PRENSA AMPLIADA-XULLO 2015



Acción, APDR, Asociación Geográfica Ambiental), de nais e pais como a *Plataforma Solokoetxe Antenarik Ez* de Bilbao, de asociacións contra a contaminación electromagnética (como *AVAATE*, *COVACE*), de plataformas veciñais contra a expansión caótica e sen control de antenas de telefonía móvil (como *POCAT* ou a organización francesa *Coordination Nationale des Collectifs contre les antennes relais tout azimuth*), de persoas afectadas por enfermidades ambientais (*Electrosensibles polo Dereito a Saúde*, *SOS EHS* de Euzkadi, *Asociación de afectados por el Síndrome de Fatiga Crónica SFC* y por el *Síndrome de Sensibilidad Química Múltiple SQM de la Comunidad de Madrid*, *Asociación Aire*, *Sensibilidad Química Múltiple*, *Enfermedades Medioambientales y Protección Ambiental de la Comunidad Valenciana*), de defensa do doente como ADEPA; así como de Fundacións no ámbito da discapacidade como a *Fundación ONCE*), de investigación de distrofias musculares e outras enfermidades raras como a *Fundación Isabel Gemio*, do ámbito da saúde como as promovidas polo grupo empresarial SILVERSALUD SL (*Salud Geoambiental*, *Vivo Sano*). Tamén agradecemos a súa presenza aos distintos responsábeis nos institucionais nos ámbitos da saúde (Dirección General de Atención al Paciente de la Comunidad de Madrid) e medio ambiental (Subdirección General de Evaluación Ambiental de la Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente), dos distintos profesionais (de saúde, arquitectura, dereito, profesores universitarios, xornalismo ambiental e da saúde, etc.), @s deputad@s (ou @s seus asistentes) de diferentes grupos políticos parlamentarios (dos parlamentos europeo, español e autonómico madrileño), @s concejllais de diferentes concellos (como Pinto), á *Defensora del universitario de la Universidad Complutense de Madrid*, á secretaria técnica da *Red de Gobiernos Locales de la Federación Española de Municipios y Provincias*, etc. Agradecemos o traballo voluntario das 3 intérpretes francés/castelán e o soporte organizativo da *Federación Regional de Asociaciones Vecinales de Madrid (FRAVM)* e a presenza de numerosas persoas electrosensíbeis e con outras enfermidades ambientais de rodo o estado que fixeron o esforzo de estar presentes no acto a pesar de ditas limitacións ambientais.

Desde a xunta directiva da APDR e o grupo de coordinación da PECCEM

A Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética (PECCEM) naceu 7 de marzo de 2009 e componse de Confederacións e federacións de asociacións veciñais, colectivos ecoloxistas (como os máis de 300 grupos que compoñen a confederación de Ecoloxistas en Acción ou outros colectivos ecoloxistas como a APDR), asociacións de pais e nais, de consumidores (como FACUA de Castela e León), de persoas electrohipersensíbeis (como electrosensíbeis polo dereito á saúde e SOS-EHS de Euzkadi) e de colectivos e asociacións, en xeral, preocupadas polos efectos para a saúde da crecente contaminación electromagnética. Desde a PECCEM infórmase á sociedade dos riscos da contaminación electromagnética e se demanda a aplicación das recomendacións proteccionistas de saúde pública e medio ambiente de institucións europeas como a Axencia Europea do Medio Ambiente, o Parlamento Europeo e a Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, aprobadas con amplos consensos